

# RETOS DO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO FRONTE Á POSTPANDEMIA

XORNADAS PROFESIONAIS DE  
ESCENA GALEGA 2021

XOVES 14 DE OUTUBRO  
DE 09.30 A 18.30 H.

---

SALÓN DE ACTOS  
PAZO DA CULTURA DE CARBALLO (Rúa do Pan s/n)

---

ORGANIZA  Escena Galega

COLABORAN



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



# XUNTA DIRECTIVA DE ESCENA GALEGA

## Presidente

Juan Rodríguez (Caramuxo Teatro)

## Vicepresidenta

María Torres (Elefante Elegante)

## Secretario

Guillermo Carbajo (Redrum Teatro)

## Tesoureiro

Anxo Manoel (Lucecús Teatro)

## Vogais

Santiago Cortegoso (Ibuprofeno Teatro)

Gustavo Del Río (Os Náufragos)

Vogal de danza e artes do movemento

Paula Quintas (Traspediante)

## XERENTE

Diego V. Meizoso

## COMUNICACIÓN

Ana Díez



Neste 2021 ESCENA GALEGA recupera as súas xornadas profesionais despois do parón na actividade habitual da asociación que supuxo a crise da Covid19, e artellando un marco de colaboración co FIOT (Festival Internacional de Outono de Teatro) de Carballo para volver crear un foro no que compartir coñecementos, crear sinerxias e explorar novas posibilidades para a mellora transversal do sector escénico profesional galego.

Centrarémonos este ano nalgúns dos retos que afrontamos dentro da postpandemia, unha crise sanitaria, social, económica e cultural que supuxo o maior e máis rápido cambio nas dinámicas sectoriais e na relación cos públicos das últimas décadas.

Atenderemos por unha banda ao que pasou, repasando desde distintas perspectivas (AAPP, compañías), todo o referente ás estratexias implementadas para o mantemento do sector, tentando tirar conclusións e posibilidades das cuestións positivas que poden quedar destas.

En relación cos públicos achegarémonos tamén á necesidade de recuperar, potenciar e artellar, dende un punto de vista aglutinante e de colaboración entre o sector e o eido educativo, novos proxectos de artes escénicas que poñan en relación ás artes escénicas coa escola.

Por vez primeira, ademais, nas nosas xornadas profesionais achegarémonos á actualidade do eido da danza e as artes do movemento e de como (re)activar este tamén dende unha perspectiva global atendendo non só á creación e circulación de espectáculos senón tamén á formación, promoción do talento e posta ao dispor de espazos e recursos para a acción escénica.

As xornadas estarán estruturadas en dous grandes bloques, sendo a actividade en horario de mañá de exposición e debate colectivo e a quenda de tarde de dinámicas de traballo sobre os temas propostos, co obxectivo de chegar en cada caso a unha pequena batería de conclusións.

## EIXOS TEMÁTICOS DAS XORNADAS

- Recuperación e potenciación do público escolar e as campañas de artes escénicas que poñan o teatro e a danza en relación coa escola.
- Axudas públicas e/ou outras formas de soporte para o mantemento do tecido escénico profesional. Que pasou durante a crise da Covid19?
- Danza e artes do movemento: (re)activar a circulación, creación, formación e promoción do talento.
- Relación entre profesionais da programación e compañías. Retos da profesionalización na relación entre axentes escénicos en Galicia e do funcionamento dos circuitos.

# RETOS DO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO FRONTE Á POSTPANDEMIA

## PROGRAMA DAS XORNADAS. XORNADA DE MAÑÁ.

09.15 h. – 09.45 h.

BENVIDA AOS / ÁS PROFESIONAIS ASISTENTES.

09.45 h. – 10.00 h.

**INAUGURACIÓN DAS XORNADAS.**

**Juan Rodríguez** (presidente de Escena Galega)

**Alberto Sueiro** (director do FIOT Carballo)

**Jacobo Sutil** (director da Agadic-Axencia Galega das Industrias Culturais)

# RETOS DO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO FRONTE Á POSTPANDEMIA

10.00 h. – 11.30 h.

**MESA 1: Que pasou? Estratexias de apoio e mantemento do sector escénico profesional durante a pandemia.**

**BLOQUE I: A perspectiva dende as Administracións Públicas.**

Interveñen:

**Jacobo Sutil** (director da Agadic-Axencia Galega das Industrias Culturais. Xunta de Galicia)

**Jorge Gutiérrez** (director da SRECD-Sociedad Regional de Educación, Cultura y Deporte. Gobierno de Cantabria)

**BLOQUE II: A perspectiva dende o sector.**

Interveñen:

**Isabel Vidal** (directora xeral do Grup Focus e presidenta de ADETCA-Associació d'empreses de teatre de Catalunya) (\*) Intervención en liña.

**Sérgio Agostinho** (director de Peripécia Teatro, Portugal)

Modera:

**Diego V. Meizoso** (xerente de Escena Galega)

# RETOS DO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO FRONTE Á POSTPANDEMIA

11.30 h. – 12.00 h.

**Pausa café.**

12.00 h. – 13.30 h.

**MESA 2: Danza e artes do movemento: (re)activar a circulación, creación, formación e promoción do talento.**

Interveñen:

**Xosé Paulo Rodríguez** (director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña e coordinador da comisión de ballet, danza e artes do movemento de La Red-Circuito Danza a Escena)

**Kirenia Martínez** (directora, creadora e bailarina. Kirenia Danza)

**Manu Lago** (xestor cultural especializado en artes do movemento e distribuidor-Galicia Danza Contemporánea. Coordinador do proxecto Propulsa 2021)

**Natividad Buil** (directora de Trayectos-Festival Internacional de Danza Contemporánea en paisaxes urbanas e axente activa na Red Acieloabierto-Red de Festivales de Danza Contemporánea en Espacios no Convencionales)

Moderada:

**Paula Quintas** (vogal de danza e artes do movemento de Escena Galega)

13.30 h. – 15.00 h.

**MESA 3: Recuperación e potenciación das campañas escolares de artes escénicas. Retos de futuro.**

Interveñen:

**Luciano Fernández** (director do Padroado da Cultura do Concello de Narón, entidade pública promotora de campañas escolares)

**Lara Valcuende** (mestra de música en educación infantil e primaria, facilitadora de diversos proxectos artísticos na escola e vencellada ao proxecto LÓVA)

**Anxo Fernández** (equipo de xestión da sala Ártika, espazo escénico privado promotor de campañas escolares)

**Begoña “Habi” Llamosas** (xestora cultural especializada en artes escénicas para a infancia e a mocidade)

Moderada:

**María Torres** (vicepresidenta de Escena Galega)

PROGRAMA DAS XORNADAS.  
XORNADA DE TARDE.

16.30 h. – 18.30 h.

**Dinámicas e mesas de traballo.**

**TEMA 1:** Estruturação dun proxecto escénico de campañas escolares a nivel autonómico.

**TEMA 2:** Melloras na profesionalización dos circuitos: procesos de avalización das programacións escénicas en Galicia.

**TEMA 3:** Estruturação dunha rede galega de espazos para a creación, investigación e produción teatral e de danza e artes do movemento.

**Cuestións a ter en conta destas dinámicas:**

- Estas mesas de traballo serán de carácter práctico e enfocadas a tirar una batería de conclusións de cada tema, apoiadas tamén nos debates da mañá.
- Están dirixidas aos/ás profesionais convidados/as pola organización, calquera que queira participar nalgunha das dinámicas específicas deberá indicalo no correo de inscrición.
- As dinámicas serán paralelas, non podendo participar unha persoa en máis de unha ao mesmo tempo.



A PANADARÍA  
A XANELA DO MAXÍN  
ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL  
BAOBAB TEATRO  
BUTACAZERO  
CARAMUXO TEATRO  
CHARLATANA  
CHÉVERE  
COMPAÑÍA IO  
CONTRAPRODUCCIÓN  
CULTURACTIVA  
D STE XEITO PRODUCCIÓN  
EDUCATEATRO PRODUCCIÓN  
ELEFANTE ELEGANTE  
EME2 PRODUCCIÓN  
GALEATRO  
IBUPROFENO TEATRO  
INVERSA TEATRO  
LA MACANA  
LA QUINTANA TEATRO  
LABORATORIO ESCÉNICO COOP  
LICENCIADA SOTELO  
LUCECÚS TEATRO  
MALASOMBRA PRODUCCIÓN

MATRIOSHKA TEATRO  
NOVA GALEGA DE DANZA  
OLIVAS NEGRAS  
OS NÁUFRAGOS TEATRO  
PABLO MÉNDEZ PERFORMANCES  
PEDRAS DE CARTÓN  
PÉREZ & FERNÁNDEZ  
PISANDO OVOS  
PISTACATRO  
PRODUCCIÓN PALOMA LUGILDE  
PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS  
REDRUM TEATRO  
SARABELA TEATRO  
TALÍA TEATRO  
TANXARINA  
TEATRO DE NINGURES  
TEATRO DEL ANDAMIO

TEATRO DO ATLÁNTICO  
TEATRO DO NOROESTE  
TÍTERES CACHIRULO  
TRASPEDIANTE  
VIRAVOLTA TÍTERES  
VOADORA  
XAMPATITO PATO



Escena Galega

## ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

---

Cidade da Cultura de Galicia (Espazo Coworking)  
Monte Gaiás s/n 15707  
Santiago de Compostela (A Coruña)  
info@escenagalega.gal  
[www.escenagalega.gal](http://www.escenagalega.gal)

---

### INSCRIPCIÓN PREVIA NAS XORNADAS:

Enviando un correo electrónico a [info@escenagalega.gal](mailto:info@escenagalega.gal) co asunto “Inscripción xornadas profesionais” e indicando nome completo/ teléfono de contacto/relación co sector das artes escénicas **ata o mércores 13 de outubro ás 14.00 h.**

(\*) As actividades están suxeitas ás restriccións vixentes en materia de capacidade e de medidas de prevención da Covid19, especialmente no caso das dinámicas en horario de tarde.